

Colegio San Fernando

Bajada Salgueira, 39–40. 36204 _ Vigo

986 410 361

cpr.sanfernando@edu.xunta.gal

<https://colegiosanfernandovigo.com>



Proxecto Lector de Centro

2025-26

ÍNDICE

1. LEXISLACIÓN	3
2. CONTEXTUALIZACIÓN DO P.L.C.	4
3. OBXECTIVOS	5
4. METODOLOXÍA E COORDINACIÓN DO PROXECTO LECTOR DE CENTRO	8
5. CARACTERÍSTICAS ACTUAIS DA BIBLIOTECA ESCOLAR	12
6. PLAN DE USO DA BIBLIOTECA COMO RECURSO PRINCIPAL DO P.L.C.	12
7. SERVIZOS, USOS E HORARIOS	13
8. OBXECTIVOS DE MELLORA DA BIBLIOTECA ESCOLAR	13
9. MEDIDAS E ACTUACIÓNS E A SUA RELACIÓN CON OUTROS PROXECTOS:	14

1. LEXISLACIÓN.

DISPOSICIÓN XERAIS CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DECRETO 105/2014 EDUCACIÓN PRIMARIA. Artigo 18.

DISPOSICIÓN XERAIS CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DECRETO 86/2015 EDUCACIÓN SECUNDARIA. Artigo 38.

O **Decreto 86/2015**, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da ESO e do Bacharelato na Comunidade de Galicia establece, no seu artigo 38, a obrigación de que as bibliotecas dos centros educativos sirvan aos obxectivos do proxecto lector de centro que, no mesmo artigo, se define como un programa de promoción da lectura no que se integran actuacións destinadas ao fomento da lectura, de escritura e das habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, en apoio da adquisición das competencias clave.

De igual maneira, o **Decreto 105/2014**, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da Educación Primaria en Galicia, recolle no artigo 18 a obriga de que os centros contén cunha biblioteca escolar como instrumento fundamental para o desenvolvemento do programa de promoción da lectura (proxecto lector de centro) como centro de referencia de recursos de lectura, da información e da aprendizaxe, así como punto de encontro entre alumnado, profesorado e familias que facilite a comunicación, a creatividade, as aprendizaxes e o traballo colaborativo ademais de estimular os intercambios culturais no centro.

Correspóndelle á dirección do centro a aprobación do programa de promoción da lectura logo da proposta realizada polo claustro de profesorado.

2. CONTEXTUALIZACIÓN DO P.L.C.

Pensamos que a lectura debe asentarse no Proxecto Educativo ao redor de tres eixos principais: saber ler, poder ler, querer ler.

Estes tres eixos requiren un clima de atracción que permita acceder aos nosos lectores ás máis variadas linguaxes. Polo tanto, debemos otorgarlle á Biblioteca de Centro un papel primordial e significativo.

Saber e querer ler deben exercerse e confluír no tempo e no espazo. De ahí a necesidade dese Proxecto Lector que o faiga posible. Tanto as Bibliotecas de Aula coma a Biblioteca de Centro son recursos imprescindibles para formar ós alumnos na consulta e na selección de información, así coma na formación do autocoñecemento. Pretendemos un espazo para o acercamento á lectura, ós textos literarios e informativos, tanto en formato impreso coma audiovisual ou multimedia. A formación, en definitiva, dunha comunidade lectora.

No noso centro pretendemos xogar un papel fundamental á hora de fomentar as actitudes positivas entorno ó libro e á lectura. A partires de ahí, poderanse elaborar proxectos de lectura a medio-longo prazo, con plans de actuación consensuados. Nas diversas bibliotecas teremos ese fondo en diversos soportes que acheguen a lectura aos rapaces. De feito, xa se ven levando a cabo en varios cursos o préstamo de libros aos alumnos e incluso a profesores.

Queremos converter a biblioteca escolar nun espazo, nun lugar de usos múltiples para tódolos cursos e ciclos.

O P.L.C complementará asimismo outros proxectos que se están a desenvolver no colexio: Atención á Diversidade, o Deporte na Escola, Espazos de Paz, as TIC etc.

O Proxecto Lector atópase inmerso nas finalidades últimas educativas do noso centro:

- Fomentar a capacidade de esforzo, chegando á conclusión de que é necesario para a superación diaria de dificultades e a consecución de logros tanto individuais coma colectivos.
- Favorecer un clima de convivencia e comunicación entre os diversos sectores da comunidade educativa, potenciando a participación dos pais na vida escolar.
- Atender un desenvolvemento equilibrado da personalidade do alumnado por medio de traballo crítico e creativo, fomentando a integración de membros con necesidades especiais.
- Atender á igualdade de dereitos e deberes dos membros de distinto sexo da comunidade educativa, desenrolando a cooperación e o traballo grupal.
- Exercitar a tolerancia e o respecto polos dereitos, evitando calquer asomo de discriminación negativa, educando na solidariedade e a cooperación.

3. OBXECTIVOS

Obxectivos Xerais

Utilizar a Biblioteca escolar, integrála na práctica docente, co obxectivo de transformala nun centro xerador de actividades que desenvolvan hábitos lectores, competencias escritoras e habilidades no aprendizaxe xeral.

Facer do Club de Lectura “A renglón seguido...”, implementado hai catro anos e con beca da Consellería de Educación da Xunta, un elemento favorecedor do gusto pola lectura, facendo chegar a tódolos alumnos da ESO a posibilidade de acceder a novos e interesantes títulos cada novo curso, favorecendo o intercambio de pareceres, o diálogo e a argumentación entre rapaces de diferentes cursos da Secundaria, a exposición de pareceres, o respecto polas opinión dos demais..., sempre dentro dun marco relaxado e dirixido pola persoa encargada de dirixir as sesión, esperamos que neste curso presenciais.

Implicar ós diferentes sectores da comunidade escolar, creando un ambiente favorable e idóneo para fomentar a lectura dentro e fora das aulas.

Deseñar traballos, propostas... a partir dos materiais existentes para a promoción lectora.

Seleccionar libros de diversos contidos para recomendar lecturas nos diferentes ciclos e cursos, así coma organizar xornadas lectoras. Fomentar asociarse ao Club de Lectura como elemento integrante do gusto pola lectura no centro. Informar aos alumnos das diferentes opcións para obter información e material de traballo e lectura na biblioteca e no club de lectura.

Dotar dentro das nosas posibilidades dos recursos necesarios á biblioteca para un correcto funcionamento, integrándoa no traballo cotiá.

Obxectivos Específicos

10 criterios para fomentar a lectura autónoma.

1. Seleccionar os libros según a idade á que están destinados.
2. Apreciar os xéneros favoritos do alumnado, basándonos en guías coma a T.V., videoxogos, xoguetes...
3. Buscar na cas lugares axeitados, iluminados e tranquilos.
4. Ler en familia. O neno imitará e apreciará o gusto pola lectura se a familia tamén o fai.
5. Adicar un tempo diario entre os 15 e os 45 minutos.
6. Acompañar aos fillos ás bibliotecas, librarías e a actividades culturais relacionadas coa lectura e os libros.

7. Facer una lectura pausada, con boa pronunciación e entonación, relacionando a mesma con ilustracións.
8. Despois da lectura, comentar o leído: persoaxes, escenarios, trama... e relacionar coas vidas cotiás.
9. Preguntar aos profesores ou ao responsable da biblioteca do centro educativo dos nosos rapaces das lecturas máis recomendables e apropiadas.
10. Premiar aos nenos cando consigan un logro importante co agasallo dun libro.

Educación Infantil

Experimentar na biblioteca coma nun lugar máxico de creación de mundos fantásticos a partir da lectura, establecendo un primeiro encontro cos libros do xeito máis lúdico e interesante posible para esas idades.

Adquirir asimesmo hábitos de comportamento que se deben manter na biblioteca e outros espazos de uso común.

Facer partícipes ás familias, fomentando a lectura compartida na casa cos pequenos nun contexto lúdico e relaxado, de cara a que os nenos vexan na lectura una actividade relaxada, divertida e que lles aporta momentos de lecer xunto a persoas ás que respetan e aprecian.

Posibilidade de facer una tarxeta de biblioteca de aula atractiva na que os alumnos anotan as incidencias coma retirada ou devolución de libros, datas etc...

E.P.

Coñecer os valores e as normas de convivencia, respetar o pluralismo e as actitudes responsables. Buscar un clima propicio para a liberdade persoal, o aprendizaxe e a convivencia.

Desenvolver tanto as iniciativas persoais coma o traballo en equipo.

Despertar, fomentar e estender o gusto pola lectura, así coma o respecto polo cuidado dos libros e outros materiais e recursos existentes.

Incrementar o interese e o gusto pola lectura coma expresión de emocións, ideas, coñecemento.

Achegar a lectura ós país a través dunha maior comunicación literaria entre país e fillos: gustos de cada quén, recomendacións de lecturas... Os rapaces son, en gran medida, reflexo dos adultos cos que conviven. Debemos tratar de aproveitar ese feito nos aspectos máis positivos: se eu leo, ti tamén querrás ler.

Posibilidade de facer una tarxeta de biblioteca de aula atractiva na que os alumnos anotan as incidencias coma retirada ou devolución de libros, datas etc... Tamén se fomenta con isto a responsabilidade, levando ó día os datos e a información referida á biblioteca.

ESO

Coñecer os valores e as normas de convivencia, respetar o pluralismo e as actitudes responsables. Buscar un clima propicio para a liberdade persoal, o aprendizaxe e a convivencia.

Desenvolver tanto as iniciativas persoais coma o traballo en equipo.

Despertar, fomentar e estender o gusto pola lectura, así coma o respecto polo cuidado dos libros e outros materiais e recursos existentes.

Incrementar o interese e o gusto pola lectura coma expresión de emocións, ideas, coñecemento.

Aprender a buscar, escoller, organizar e aplicar a información obtida nunha posible consulta.

Despertar a necesidade de elaborar creacións propias apoiándose na información e materiais existentes.

Celebración de concursos de relato curto, poesía, cómic etc. fomentando a creación persoal ou incluso a elaboración das obras en grupo e a interacción entre os alumnos á hora de coordinar o desenvolvemento das mesmas. Posibilidade de creación dun xurado no que participen os propios alumnos, que á vez que leen as obras dos compañeiros, opinan sobre elas en aspectos coma a redacción, a imaxinación, a contextualización...

Fomentar a integración no club de lectura, que intenta achegar aos alumnos con inquietudes literarias un espazo de intercambio, de opinión, de debate... intentando que moitos alumnos que non sinten aínda ese gusto pola lectura poidan chegar a facelo, compartindo emocións cos compañeiros que xa o fan: *Proxecto Club de Lectura "A renglón seguido"(iniciado no curso 19-20)*

Buscar, clasificar e aproveitar os recursos da biblioteca para ampliar ou completar coñecementos adquiridos na aula.

Achegar a lectura aos pais a través dunha maior comunicación literaria entre pais e fillos: gustos de cada quén, recomendacións de lecturas... Os rapaces son, en gran medida, reflexo dos adultos cos que conviven. Debemos tratar de aproveitar ese feito nos aspectos máis positivos: se eu leo, ti tamén querrás ler.

4. METODOLOXÍA E COORDINACIÓN DO PROXECTO LECTOR DE CENTRO

Análisis da situación de partida e estudo da información recollida con ese fin.

Condiciona todo o traballo a facer. Permitirá obter datos reais que levarán a buscar obxectivos reais e factibles. Terase en conta o material existente na biblioteca e as posibilidades físicas da instalación.

Determinar actuacións a seguir, sempre consensuando as mesmas co profesorado de diferentes materias, o que aportará diversidade de opcións e opinións para crear actividades motivadoras, factibles.

Avaliación e revisión de resultados.

Ó final do curso farase un análise dos obxectivos logrados e obterase información sobre a porcentaxe de consecución dos mesmos. Adotaranse medidas, se fose necesario, para solucionar problemas, modificar, anular ou ampliar actuacións...

Na memoria de curso farase mención á consecución dos obxectivos fixados e á adecuación da biblioteca.

Enquisa Hábitos lectores:

Cuestionario: la lectura y tú

Con este cuestionario nos gustaría recabar información sobre tus hábitos de lectura. El cuestionario es anónimo. No hay respuestas buenas o malas. Lo que nos interesa son respuestas verdaderas. Muchas gracias por tu participación.

1. ¿Qué edad tienes?

- ☐ 11 ☐ 12 ☐ 13 ☐ 14 ☐ 15 ☐ 16 ☐ más de 16

2. Sexo

- ☐ Masculino ☐ Femenino

3. ¿En qué curso estás?

- ☐ 1º ESO ☐ 2º ESO ☐ 3º ESO ☐ 4º ESO

4. ¿Acostumbras a leer en tu tiempo libre?

- ☐ Todos los días ☐ Una o dos veces por semana ☐ Casi nunca ☐ Nunca

5. ¿Cuántos libros leíste aproximadamente el año pasado?

- ☐ Ninguno ☐ Un libro ☐ De 2 a 4 libros ☐ De 5 a 8 libros
☐ Más de 8 libros

6. ¿Cuántas horas a la semana, dedicas a leer?

- ☐ Menos de 2 ☐ De 2 a 5 horas semanales ☐ 6 o más horas semanales

7. Indica qué géneros prefieres (puedes marcar más de uno):

- ☐ Poesía ☐ Cuentos ☐ Teatro ☐ Novelas policíacas
☐ Libros juveniles ☐ Novela histórica ☐ Novelas de Aventuras
☐ Novelas Románticas ☐ Reportajes ☐ Ciencia ficción ☐ Otros

8. ¿En qué lugares acostumbras a leer? (Selecciona, si es necesario, más de un lugar):

- ☐ En tu casa ☐ Parque / Aire libre ☐ En las bibliotecas ☐ Otros

9. ¿Piensas que lees bastante?

- ☐ Sí ☐ No

10. Cuando piensas en lo que leías antes y lo que lees ahora, en la actualidad lees:

- ☐ Menos que antes ☐ Lo mismo ☐ Más que antes

11. En los periodos de vacaciones ¿ lees más, lo mismo o menos que el resto del año?

- ☐ Menos ☐ Lo mismo ☐ Más

12.Cuál de las siguientes frases explica mejor tu relación con la lectura (Escoge sólo una respuesta):

- ☐ Me gusta mucho leer ☐ Me gusta leer de vez en cuando ☐ Me gusta poco leer
☐ No me gusta nada leer

13. Si te gusta leer ¿Qué te lleva a hacerlo? (Puedes escoger más de una respuesta):

- ☐ Deseo conocer cosas nuevas ☐ Deseo expresarme bien ☐ Me obligan mis padres
☐ El ejemplo de mis padres y familiares ☐ La diversión que encuentro en la lectura
☐ El colegio ☐ El ejemplo de los amigos ☐ La influencia de los profesores

14. Si no eres aficionado a la lectura ¿Por qué no te gusta o te gusta poco leer? (Puedes escoger más de una respuesta):

- ☐ Me cansa la vista ☐ Me da dolor de cabeza ☐ Pierdo mucho tiempo
- ☐ No se aprende nada nuevo ☐ Nada me incentiva a leer ☐ Lo odio
- ☐ Nunca encontré un libro interesante ☐ Tengo otras cosas más interesantes que hacer

15. Aproximadamente, ¿cuántos libros tienes en casa sin contar los de texto?

- ☐ Hasta 10 ☐ De 11 a 20 ☐ De 21 a 50 ☐ De 51 a 100 ☐ De 101 a 200
- ☐ Más de 200

16. ¿En qué idioma te gusta leer?

- ☐ Español ☐ Gallego ☐ Inglés ☐ Francés ☐ Otros

17. ¿Tienes por costumbre intercambiar libros con los compañeros de clase?

- ☐ Sí ☐ No

18. ¿Cuántas veces has ido a una biblioteca en el último mes?

- ☐ Ninguna ☐ 1 a 2 veces ☐ 3 a 4 veces ☐ 5 o más veces

19. Nuevas tecnologías

19.1. ¿Tienes ordenador en tu casa?

- ☐ Sí ☐ No

19.2. ¿Tienes conexión a Internet en tu casa?

- ☐ Sí ☐ No

19.3. ¿Utilizas Internet?

- ☐ Sí ☐ No

19.4. Si utilizas Internet ¿con qué frecuencia?

- ☐ Todos los días ☐ Una o dos veces por semana ☐ Los fines de semana
- ☐ Algunas veces al mes

19.5. Si utilizas Internet ¿para qué?

- ☐ Ocio y diversión ☐ Estudio ☐ Otros

No decreto 105/2014 establécense as pautas a seguir para levar a cabo o Proxecto Lector de Centro, e dentro destas faremos alusión ás funcións da coordinación.

As funcións do coordinador serán:

Asesorar ao profesorado na súa labor de complementar o desenvolvemento do P.L.C.

É necesario a coordinación co resto do profesorado e facilitar as actividades lectoras previstas e as que poidan ir aparecendo durante o curso. O coordinador e os distintos profesores poderán establecer reunión cando sexa necesario para programar distintas actividades e facer propostas mutuas.

Dinamizar e impulsar a aplicación do P.L.C.

En colaboración cos membros do Equipo Directivo, o coordinador realizará una plantilla na que aparecerán horarios de apertura ó alumnado da biblioteca, así coma diferentes actividades que se realicen ó longo do curso.

Orientar ó profesorado sobre os recursos do centro para desenrolar o P.L.C.

Os profesores coñecerán os recursos existentes e os de posible nova adquisición durante o curso.

Fomentar a creación de contidos educativos polo profesorado e a súa difusión ó resto da comunidade educativa.

Farase un rexistro das actividades que se leven a cabo en relación coa lectura e o uso en xeral da biblioteca.

Administrar as ferramentas educativas e facilitarlle ao profesorado o acceso ás mesmas.

Tódolos recursos estarán a disposición do profesorado que o necesite. Estes recursos deben estar en perfecto estado de uso, e os profesores encargaranse de que se cumplan as normas de uso e de informar de algún posible dano ou incidencia.

Ademáis destas funcións de carácter xeral, haberá que arbitrar e establecer medidas necesarias para articular o traballo co resto do profesorado en aspectos tales coma fomentar a maior implicación posible do profesorado á hora de implementar o PLC e no uso da biblioteca, atender as finalidades educativas, os proxectos curriculares e o P.E.C, realizando seguimentos, o asesoramento do profesorado en aspectos tales coma estratexias de comprensión lectora, fomento da lectura, formación do alumnado en habilidades relacionadas co uso da información e dos materiais que nos achegan á mesma e coordinar un equipo colaborador, achegando e recollendo datos que redunden na mellora do Proxecto.

5. CARACTERÍSTICAS ACTUAIS DA BIBLIOTECA ESCOLAR

A biblioteca encóntrase na primeira planta do centro, incluíndo o Club de Lectura. A sala na que se encontra a biblioteca será multifuncional, con actividades compatibles coa lectura e a utilización de libros en xeral.

A biblioteca de centro ten uns 50 metros cadrados aproximadamente. É una sala de usos múltiples que dispón de pizarra dixital, reproductor de CDs, reproductor de vídeo. Ten boa iluminación natural e dispón dun mobiliario que pode ser aproveitado para a lectura na sala entre outros usos. Dispomos dunha fila de estanterías (aproximadamente 30 m²) en proceso de ampliación, apoiados por outras estanterías noutras salas, de uso secundario: libros en proceso de catalogación, libros de escaso uso diario, libros vellos ou en mal estado, libros antigos...nos que se ordenan por seccións os libros e outros materiais audiovisuais existentes. Dispón de pantalla dixital, o que nos permite ampliar o espectro no campo audiovisual.

6. PLAN DE USO DA BIBLIOTECA COMO RECURSO PRINCIPAL DO P.L.C.

Divídese este material en diferentes seccións:

1. Ciencias.
2. Enciclopedias.
3. Gallego.
4. Idiomas.
5. Lecturas.
6. Lengua.
7. Música
8. Plástica.
9. Psicopedagogía.
10. Varios
11. Infantil (lecturas).
12. Dicionarios.
13. Libros de texto antigos

Toda esta información está en proceso de informatización para axilizar a consulta, o préstamo de libros, a correcta colocación e orde dos exemplares...

O coordinador implicará a todo o alumnado e profesorado nas diversas tarefas de organización da biblioteca. Implícase particularmente aos alumnos de 4º ESO na catalogación dos exemplares, ensinándolles coma ordenar, distinguir por sección, elaborar as signaturas e a súa interpretación.

7. SERVIZOS, USOS E HORARIOS

Os horarios regularanse cada ano tendo en conta a dispoñibilidade do profesor encargado da biblioteca, así coma tendo en conta as dúas horas adicadas por esta persoa ó cuidado da mesma cada semana.

No regulamento de organización e funcionamento da biblioteca exponemos as seguintes normas:

A biblioteca é un lugar de consulta e estudio ocasional, polo que se deberá gardar silencio e una compostura adecuada. Non se poderá comer ou beber nesta sala durante o uso da mesma no horario de biblioteca.

A biblioteca estará en todo momento á disposición do alumnado, profesorado e demais persoal do centro. Nela poderán levarse a cabo conferencias, charlas, reunións, visionado de proxeccións e outras actividades académicas.

Será a dirección do centro, en coordinación co profesor encargado da biblioteca, a encargada de regular e coordinar as actividades a realizar. Deberase polo tanto comunicar coa suficiente antelación, xa ó director do centro, xa ó responsable da biblioteca, a necesidade de dispoñer deste espazo común.

8. OBXECTIVOS DE MELLORA DA BIBLIOTECA ESCOLAR

Os obxectivos que se marcan co fin de mellorar a actual biblioteca de centro de cara ó seu uso académico ou disfrute son os seguintes:

- Ampliar as posibilidades de uso pedagóxico, cultural e de ocio da biblioteca.

- Crear un hábito de uso da mesma por parte do profesorado e do alumnado.
- Enriquecer cada ano e durante o mesmo os fondos existentes.
- Actualizar na medida do posible eses fondos tendo en conta o resultado das enquisas ó alumnado.
- Implicar tanto a profesores coma ás familias na creación de ese hábito lector e de consulta.
- Mellorar na medida do posible as características da sala, a súa comodidade, que sexa práctica no uso diario...
- Continuar e afianzar o Club de Lectura comezado no curso 2019-20.

9. MEDIDAS E ACTUACIÓNSE A SUA RELACIÓN CON OUTROS PROXECTOS:

USO DAS TIC, DÍA DO LIBRO, SEMANA DA PRENSA, CLUB DE LECTURA...

O Proxecto Lector do Centro está composto por una serie de actuacións que pretenden acadar obxectivos xa mencionados. A continuación expóñense diferentes actividades que se queren levar a cabo:

Apoio ó currículo.

Exposicións de libros tendo en conta datas sinaladas coma o Samaín, o Nadal, o Entroido, a Semana da Prensa, o Día do Libro ou o Día das Letras Galegas. A temporalización farase tendo en conta as datas sinaladas. Nomearanse responsables por curso para colaborar na presentación de traballos, facer lecturas, proxección de vídeos, fotos alusivas ó día en cuestión...

Apoio ós proxectos do Centro:

Proxecto TIC.

Difusión dos fondos existentes na biblioteca ó resto da comunidade educativa a través da páxina web.

Dispoñer de una conexión eficaz a Internet.

Automatizar a biblioteca. Ter recursos na sala da biblioteca para diferentes actividades relacionadas coa lecto-escritura: ordenador e pizarra interactiva, cámara dixital, reprodutor de CDs, DVDs e vídeos...

Intentar conseguir e completar con novo material o fondo da biblioteca con respecto ás TIC: pizarras, reprodutores, CDs, DVDs, vídeos...

Proxecto do Samaín.

Fomentar a lectura e a búsqueda de información sobre esta data e a súa tradición e orixe.

Promover a consulta de libros, páxinas web etc. na procura de información sobre esta festividade.

Promover actividades relacionadas con esta data: lecturas, redaccións, manualidades que requiran informarse sobre o tema...

Actividades de contacontos.

Proxecto Escola, Espazo para a Paz.

Elaboración de carteis e manifestos sobre o tema.

Redacción sobre diferentes organización adicadas a mellorar a convivencia humana (ONGs).

Recavar información sobre ONGs e traballar con ela no aula.

Intentar conseguir incrementar os fondos da biblioteca con respecto á convivencia, as relación interpersonais entre o alumnado, as problemáticas da vida en sociedade...

Proxecto Día do Libro.

Preparación dunha exposición na sala da biblioteca onde se exporán traballos feitos por alumnos de tódolos cursos, relacionados con esta data.

Fomentarase o traballo en grupo, así coma a consulta de libros e outros medios de información.

Lectura de fragmentos do “*Quijote*”, como obra inspiradora do evento, por parte tanto de alumnos coma dos profesores.

Concurso de relato curto ou poesía con diferentes categorías tendo en conta a idade dos participantes.

Proxecto Semana da Prensa.

Durante a semana elixida como Semana da Prensa, todos os alumnos da ESO e incluso de cursos de Primaria poderán presentar traballos de corte periodístico (cartas, reportaxes, información para o alumnado...), desenrolando desta maneira o seu gusto por ver os seus traballos publicados no periódico anual do centro, que se repartirá entre tódolos alumnos do mesmo dende Infantil á ESO.

A utilización de material da biblioteca así coma de periódicos de tirada diaria porá ós rapaces en contacto co xénero periodístico, a redacción, a lectura, a escritura...

Proxecto Días das Letras Galegas.

Levarase a ser posible no día 17 de maio. Faranse traballos coma muráis, escritos, “collages”... evidentemente con referencia ó autor escollido ese ano.

Temos por costume recitar pasaxes da obra do autor, así coma facer acompañamentos musicais con instrumentación propia do folclore galego, fomentando así a mestura de diversas artes, entre elas por descontado a literatura.

Proxecto “Pequena biblioteca de aula”.

Pediráselle os alumnos ó principio de curso que traían tres libros da súa propia colección, os cales, debidamente identificados para a súa devolución ó final do ano académico, servirán para a creación da propia biblioteca de aula cos gustos de lectura dos alumnos. Estes poderán retirar periódicamente os libros da mesma para a súa lectura na casa. Todo isto conlevará un rexistro do que podemos encargar a os propios alumnos e que pode ser rotativo ó longo do curso. Foméntase así a responsabilidade, o orde e o compartir os propios gustos literarios cos demais.

Proxecto “Contacontos”.

Levar a cabo un proxecto de contacontos dentro do propio colexio, orientado ós nosos alumnos máis pequenos, coa posibilidade de ampliálo ós maiores e incluso que eles mesmos sexan parte activa e non só coma espectadores. Pretendemos incluír dentro do proxecto a membros das familias que se ofrezan a viró centro a ler os nenos máis pequenos. A estes sempre lles fai ilusión ver ó seu pai, á súa nai, a un tío ou un irmán maior acudindo ás súas clases e compartir momentos de lecer.

Asimesmo pretendemos ofrecer dito proxecto a outros centros, coa intención de que os mesmos poidan ofrecernos a nós outras actividades de carácter lúdico-literario e fomentar o intercambio deste tipo de actividades entre centros.

Proxecto Club de Lectura.

Desde o curso 2019-20 disfrutamos do club de lectura. Chamase “A renglón seguido...” e trata de ser un espazo lúdico no que os alumnos con inquiredanzas literarias poideron dar rienda solta ás mesmas e sendo sempre un círculo aberto a que se poidan sumar tanto alumnos coma docentes con gusto e interese pola lectura e o mundo das letras. Grazas á beca da Consellería da Xunta somos quen de engadir centos de libros, adaptados a diferentes niveis, gustos... e facer máis interesante ao alumnado o ser partícipes desta gran experiencia lectora, tan enriquecedora en moitos aspectos tantos literarios coma persoais.

Proposta do CPR San Fernando de Vigo.

CLUB DE LECTURA “A RENGLÓN SEGUIDO...”

1. Finalidade do noso club de lectura

Os obxectivos son claros: consolidar, despois dun éxito aceptable no curso 2019-20 e un curso tan difícil coma o 20-21 con notable éxito de participación, o Club de Lectura, seguindo o conseguido nos dous cursos anteriores, un espazo común, de relación entre diferentes membros da comunidade educativa (profesorado, alumnado, familias...). Fomentar o uso da biblioteca con novos proxectos, ofrecendo recursos para una utilización tanto individual coma colectiva a aqueles alumnos con escaseza de medios. Avivar a capacidade crítica e responsable, estimular a fantasía, a creatividade, o diálogo, a discrepancia e a argumentación construtiva. En definitiva, o desenrolo integral do individuo.

Un Club de Lectura defínese coma unha actividade de animación á lectura, un proceso lúdico basicamente, e pretendemos seguir facilitando ese proceso baixo a supervisión particular de un coordinador experimentado e a participación do profesorado en xeral, de tódolos ámbitos, materias e niveis, implicando no posible ás familias que apoiarán ese gusto pola lectura nos fogares e momentos de lecer.

2. Actividades programadas

Tendo en conta que este será o terceiro ano do Club de Lectura, pretendemos consolidar e fortalecer o proxecto comezado dous cursos atrás, aportando na medida do posible novas ideas de traballo basicamente lúdico e afianzando as que xa deron bo resultado nos cursos pasados.

Pretendemos seguir incorporando alumnado novo ao grupo, mantendo os antigos membros. Sondar entre o alumnado asistente os gustos, as inquiredanzas, as motivacións de cara a formar parte do mesmo.

Tratarase de seguir estimulando a participación de varóns eliminando estereotipos sociais, culturais..., intentando engadir á lectura temas nos que poidan estar máis interesados os rapaces, como puidera ser o deporte, a música, a ciencia ficción, o mundo do videoxogo sen deixar a literatura coma base, temas estes que non son para nada excluínates coas rapazas e, de feito, poden ser temas nos que coinciden en gustos ámbolos dous sexos.

En canto ao uso do galego, facemos constar que no pedido de libros dos anos pasados do Club de lectura, fíxose unha aposta considerable pola literatura en

galego. Agora que dispomos dunha base máis ampla nesta lingua, fomentaremos e aumentaremos a lectura en galego, esperando unha boa aceptación por parte dos rapaces, buscando na medida do posible textos que poden encontrar tanto en castelán coma en galego.

No aspecto referente a alumnado con necesidades educativas específicas trátase, na medida do posible, de encontrar textos adaptados do orixinal, máis sinxelos e amenos, coa finalidade de atraer a ese alumnado con necesidades de apoio e que tal circunstancia axude na integración no grupo, sentíndose un igual, compartindo lectura, experiencias, opinións... Adquiríronse durante o curso pasado textos considerados de “lectura fácil” que poremos á disposición de calquera alumno que o demande e contaremos, entre outros, coa colaboración do departamento de orientación.

Temos previsto o deseño ao longo do curso de actividades tendo en conta as diferentes conmemoracións coma poden ser o Nadal, o Entroido, o Día do Libro...

De ser posible, fomentaremos encontros con autores da zona, algún dos cales xa teñen visitado o colexio en cursos anteriores, autores de textos en lingua galega para rapaces principalmente, previa lectura dun libro, establecendo unha charla-coloquio, fomentando o debate e a exposición de ideas persoais. Firma do libro aos integrantes do club por parte do autor asistente. Tamén achegar contacontos, tal e como sucedeu nos primeiros anos da nosa existencia e con moito éxito entre os membros do club e aos que se uniron outros alumnos invitados dentro dos catro cursos da ESO, intentando así atraer novo alumnado ao club cunha actividade lúdica, dinámica e participativa.

Intercambio de roles dentro da acción literaria: lector/personaxe, escritor/lector, escritor/personaxe ...

Elaboración de posters, dípticos e trípticos alusivos ao traballo levado a cabo nas sesións do club e posterior exposición no centro, na web, Facebook...

3. Composición e nº de participantes aproximado

a) Profesor-coordinador (posibilidade de intercambio con outros docentes de outras materias non especificamente relacionadas coas letras que poidan aportar diferentes puntos de vista, dinamizar a participación no grupo...)

b) Alumnado de ESO (sempre en grupos de ata un máximo de 10 asistentes) . De superarse ese número, crearanse grupos sucesivos, intentando que as idades dos integrantes sexan semellantes pero tamén podendo intercambiarse coa finalidade de interactuar entre membros de idades dispares.

4. Número de grupos de lectura previstos

Dado o éxito dos cursos pasados esperamos poder formar a lo menos dous grupos, incluso tres, en principio de idades similares pero sen rexeitar a variedade nos grupos nese aspecto,o que pode aportar diversidade de opinións, gustos etc.

5. Formas de organización e funcionamento previstos

Tendo a biblioteca coma lugar de reunión cotiá e sendo posible as reunións presenciais, prepararase a disposición dos asistentes en círculo incluíndo ao moderador, rompendo así a clásica estrutura de un profesor fronte ao seu alumnado. Proporase a posibilidade de música suave de fondo como axuda a un ambiente máis relaxado e distendido.

A persoa responsable será a encargada de dirixir e supervisar as sesións dando a palabra, moderando o posible debate, aportando ideas ou corrixindo e redirixindo cando sexa necesario. Consensuar a lectura común a traballar de ser o caso . Promoverá a lectura en voz alta (sempre que as reunións sexan de forma presencial), fomentando a seguridade nun mesmo, o recitado ou a modulación da voz. Incluso se intentará avivar e impulsar a propia creación literaria e a posterior presentación en público.

Proporase a asistencia como moderadores e ponentes doutros docentes do colexio, tanto de letras coma de ciencias, promovendo encontros interdisciplinares que abarquen o maior espectro dentro do coñecemento en xeral e aplicado á presenza desas disciplinas na literatura en particular.

6. Horario e calendario para celebrar as reunións presenciais que deberán realizarse en tempos de lecer ou extraescolares.

Data de reunión do club: dúas tardes ó trimestre (consensuadas cos membros do club) en horario de 16:30 a 17:55 horas.

Reunións online / Classroom.

7. Persoa responsable / coordinador.

Profesor Jorge Juan Ramos Suárez (encargado da biblioteca e profesor de Letras no centro).

8. Medios que se utilizarán para a difusión do Club de Lectura

Páxina web do centro / Facebook / Classroom.

Aplicación TokApp (contacto coas familias).

Promoción no propio centro por parte do profesorado.

Anuncios distribuídos polos taboeiros do centro.